

Reactivo de Fehling

A capacidade de oxidarse dalgúns glúcidos utilízase no laboratorio para identificar a súa presenza comprobando se reduce ou non o reactivo de Fehling.

Este reactivo é unha disolución de CuSO_4 de cor azul. Os grupos cetónico ou aldehído dos monosacáridos ao oxidarse e pasar a un grupo ácido ($-\text{COOH}$) desprenden electróns que son captados polos ións Cu^{2+} da disolución.

Cando estes ións gañan electróns (cando se reducen) pasan a ións Cu^+ , os cales forman Cu_2O , insoluble en auga. Este óxido precipita e a coloración da disolución pasa a vermella, revelando a presenza de glúcidos reductores.

Dan reactivo na reacción de Fehling: monosacáridos e disacáridos con enlace monocarbonílico.